

A EDUCACIÓN DAS SEREAS

Revelárasenos María do Cebreiro como unha voz innovadora que, utilizando varios códigos e provocando a intertextualidade dos seus poemas con outras manifestacións escritas, subvertía dun xeito rotundo o verso con aquel *O estadio do espello* que era a súa primeira obra. Agora, tomando como referencia o título dun célebre ensaio de Vicente Risco -onde fala da insatisfacción vital dos escritores que logo formarían a Xeración Nós-, trae á escena poética un volume, (*Nós, as inadaptadas*), que, para alén de merecer o accésit do XXI Premio Esquíu, nos permite disfrutar outravolta co verso abismado desta poeta. Estructurado en cantos, ó xeito das grandes epopeias, este novo poemario de María do Cebreiro conforma a épica vital dun eu poético feminino que adopta diversas personalidades arquetípicas sobre as que prevalecen dúas: a de Wendy na primeira parte e a da serea nas dúas seguintes. Con todo, tamén están nos versos Lolita, Ofelia e outras figuras femininas que van conformando un código intertextual coas imaxes da muller ofrecidas como modelos pola literatura patriarcal e que agora abranguen novas dimensións. Así, Wendy reclama a súa liberdade pois o infantilismo de Peter Pan abócaa a unha situación de maltrato e silencio do que quere fuxir, neste sentido, contrapón o destino dos seus irmáns ó dela: *“Consorte unha vez máis do viño e da paixón,/ esperareite atada a un mastro baixo./ Os meus irmáns varóns correron outra sorte./ Conseguiron saír do teu país,/ elixindo a saída que desemboca en tinta”*. Nestes versos expresa xa o seu desexo de ser serea, se ben, tan forte é o engado de Peter Pan, antes deberá, como Ulises, emprender a navegación e facer oídos xordos á súa demanda de ficar eternamente no posto de nena-nai. O discurso vaise cargando, segundo avanza a primeira parte, de elementos de liberación ata que exclama: *“Vivo desde o principio das idades/ pola parte de fóra, enxendrada un instante/ despois da decadencia./ Non volverei caer na tentación/ de deixarme salvar polos nenos perdidos ou por ti./ E ti non volvas darlle ó esquecemento a miña confesión: / do outro lado da fiestra tamén houbo andoriñas”*. Este desexo de voar leva ó eu poético á procura da sorte da serea pero, para realizala, deberá ir deixando atrás todos aqueles vencellos cunha situación de non liberdade: o enxoval, as pulseiras que acaban sendo grillóns. Só tras esta purificación pode deslizarse fóra do claustro, do harén, e optar a unha nova experiencia vital. Neste momento, a figura de Hamlet coas súas dúbidas actúa a xeito de imaxe virtual dun ser que foxe e emprende, neste acto de fuga, unha cancelación das súas mágoas pois se *“o corpo é un país coas feridas abertas”* cómpre ir pechándoas antes de que se gangrenen e leven á morte. A diferenza xenérica é remarcada constantemente cando se afirma que *“Vós, os inadaptados/ compartides o baño coas mulleres./ Pero nós convertemos a angustia dos demais/ en cousas delicadas:/ elas, a displicencia, as coberturas/ fóronnos restauradas polos reis/ a cambio da batalla”*.

Cando Wendy logra saír do seu pequeno espacio vital, adopta unha nova existencia como serea e así vai trazando o seu propio destino a forza de restaurar a memoria daquilas que a precederon, as que adoptaron modelos de vida non permitidos, as masacradas para preservar os arquetipos. Pero agora domina a palabra e fala, pois as sereas *“Non sabemos ser parcas na expresión. / Nin pulsamos o fío, nin termamos da roca”*. Novas personalidades vanse sumando entón ó eu poético que oscila entre a figura dunha Lolita perversa e a afouteza da amazona, que ten a valentía de abrir a caixa de Pandora para que os ventos leven a súa voz a todos os territorios do mundo. Non pode ser doutro modo cando *“Nós, as inadaptadas/ fuximos do infinito que levamos en nós,/ e ás veces sospeitamos/ que a vida recoñece como constitutivos da súa esencia/ máis de tres ingredientes (...)/ Por iso era dorado que nos abismaramos ante/ a bendita inconsciencia de tanta finitude”*. Toda a imaxinería precisa neste proceso de liberación vaise conformando en versos onde se mesturan referencias tomadas de diversas fontes con códigos textuais de signo múltiple e así o lector atopa nesta obra, como xa fixera na anterior, unha serie de alusións que o deslocan a outras épocas literarias (Rosalía, cantigas de amigo), ó mundo da música (canciós de infancia), ó pensamento contemporáneo (Freud, Harold Bloom), á mestura de tradición e mitoloxía ou a personaxes das grandes épicas gregas (Ulises, Penélope). E, entremetres, aparecen termos do idiolecto da crítica literaria xunto con fragmentos de textos de distinto teor que abren o poema á plurirreferencialidade, conformando ese código tan persoal que xa caracteriza a María do Cebreiro. A construción desta nova linguaxe é o paso previo na necesaria e urxente tarefa de educar ás sereas xa que, só así, se instauran novos chanzos para a liberdade das Wendy sometidas sempre ó servizo dos ideais masculinos mentres se lles facilita unha nova identidade de lumia, de ser de auga con poder e dominio da palabra.

TERESA SEARA

Tempos Novos, 66, novembro 2002, p. 77.

